

PLAN DE TRABAJO DE CIENCIAS SOCIAIS. 4º DE E. P.

EQUIPO DOCENTE DE 4º NIVEL

MATERIAIS:

- Libro de texto Sociais Construindo mundos. Ed. Santillana
- Material de elaboración propia.
- Recursos audiovisuais e informáticos.
- Material manipulativo do Centro.
- Caderno de traballo do alumn@.

PLAN DE TRABAJO:

Con carácter xeral, a distribución do traballo en cada un dos temas será a seguinte:

- Activación de coñecementos previos.
- Explicación do tema.
- Vídeos relacionados co tema.
- Realización de actividades sobre os contidos.
- Elaboración de pequenos proxectos de investigación.

Para a realización das actividades dedicarase un tempo na clase, debendo concluílas na casa o alumnado que non as remate en tempo.

Unha das horas semanais destinada a esta materia será utilizada como unha sesión de informática; onde se levarán a cabo actividades de busca e selección de información de maneira guiada e de coñecemento de certos contidos informáticos.

CONTIDOS POR TRIMESTRE E AVALIACIÓN:

- Os contidos están organizados en bloques que, dada a súa relación, non deben ser traballados de forma illada senón integrada. O tratamento dos seus conceptos debe permitir ao alumnado avanzar na adquisición de ideas do coñecemento científico ena súa estruturación e organización, de forma coherente e articulada.
- A súa distribución ao longo do curso será a seguinte:

CEIP de TARRIÓ
CULLEREDO

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<p>COMO É A TERRA?</p> <ul style="list-style-type: none"> • A Terra no sistema solar • A Terra, un planeta activo • Como se representa a Terra?. • Para que utilizamos os mapas? <p>O CLIMA, COMO ESTÁ CAMBIANDO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemos os climas • Como son os climas de España. • Como son os climas de Galicia. • Por que falamos de cambio climático? • Como nos afecta o cambio climático? 	<p>CANTOS SOMOS E ONDE VIVIMOS?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Onde se localiza o territorio de España? • Como se goberna España? • Como se estuda a poboación?. • Como é a poboación de España? • Como se reparte a poboación en España? 	<p>COÑECEMOS A PREHISTORIA</p> <ul style="list-style-type: none"> • A vida no Paleolítico • A vida no Neolítico • A vida na Idade dos Metais • A arte inventouse na Prehistoria. <p>O MUNDO NA IDADE ANTIGA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que ocorreu antes dos romanos? • Que coñecemos dos gregos? • A chegada dos romanos á Península • Como vivían os romanos? • Cantas cousas conservamos dos romanos!

Outros contidos que se traballarán transversalmente nos tres trimestres son:

- Aplicación dos contidos traballados na unidade de maneira competencial.
- Observación e análise de imaxes.
- Expresión de opinións e ideas.
- Interese por coñecer o mundo no que habita.
- Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.
- Iniciación á actividade científica.
- Realización guiada de proxectos e presentación de resultados.
- Busca guiada de información na internet e noutros soportes.
- Análise crítica da información obtida de Internet.
- Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, lapbooks, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: coavaliación e autoavaliación.

Realizaranse probas escritas, preguntas orais, exposicións orais ou audiovisuais e actividades nos cadernos.

CEIP de TARRIO
CULLEREDO

BLOQUES DE CONTIDO	%	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
Iniciación á actividade científica	60	Observación sistemática dos procesos de planificación, realización e comunicación de pequenas investigacións, proxectos ou experimentos. Escala de observación. Rexistro anecdótico. Intercambios orais: debates, postas en común... Análise da produción do alumnado no caderno, murais ou no ordenador.
A Terra	20	Intercambios orais: debates, postas en común... Análise da produción do alumnado no caderno, murais ou no ordenador.
A poboación	20	Probas obxectivas: exposicións orais, exames.
Comezamos a historia		Actitude, interese e comportamento na aula.

NOTA: As probas obxectivas tratarán de verificar as competencias adquiridas no traballo de clase.

